

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000048.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 3 de decembro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

ACTAS E GOBERNO

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE PARA FORMAR PARTE DO FORO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN MATERIA DE IGUALDADE (Exp.: 2025/G004/000721).

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN O REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO GOBERNO E ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DOS SEGUROS DE DANOS A BENS MOBLES E INMOBLES (Lote 2)- 4ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 31/12/2025 AO 30/12/2026, EXP. REF. 2021/C003/000030.

4. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO CO CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D PARA OS ANOS 2025, 2026 E 2027. EXP. REF. 2025/C005/000008.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac943569761248633646.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-12-2025

ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

5. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE EDUCACIÓN.

6. REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO NUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ÁREA DE GOBERNO DE MOBILIDADE E INFRAESTRURAS URBANAS

POLICÍA, TRÁFICO E TRANSPORTES

7. APROBACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE DO CONCELLO DE LUGO 2025.

MOCIÓN, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,